

Dona Susana Mariño Lorenzo, Secretaria Accidental do Concello de Carballo – A Coruña

CERTIFICO:

Que o Pleno da Corporación Municipal, en sesión Ordinaria celebrada en data luns 30 de setembro de 2024 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“3.- Aprobación de denominación de novas rúas en Carballo. (CIRIAX de 24/09/2024)

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Réxime interior e Asuntos Xerais (CIRIAX) do 24/09/2024, punto 3 da orde do día, en relación á proposta do 19/09/2024, da Concelleira delegada de Bibliotecas, Arquivos e Normalización Lingüística e da técnica de Normalización Lingüística da mesma data, contida no expediente 2024/X999/000778.

Expediente núm.: 2024/X999/000778

Expediente de acordos: 2024/G003/000385

Asunto: denominación de rúas

ANTECEDENTES

A Concellería de Normalización Lingüística do Carballo detectou a necesidade de dotar de nome a unha serie de rúas e vías sen denominación existentes no municipio. As ditas rúas concéntranse nas parroquias de Razo, Lema, Noicela, Carballo, Bértoa e Goiáns.

CONSIDERACIÓNS

- 1. O art. 75 do Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais (RPEL), aprobado polo RD 1690/1986, do 11 de xullo, obriga os concellos a manter actualizada a nomenclatura e rotulación das vías públicas, e a numeración dos edificios, e a informar disto a todas as administracións públicas interesadas.*
- 2. A competencia para aprobar a denominación das rúas e a súa modificación correspóndelle ao Pleno, por asimilación ao art. 22.2.b da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL), e ao art. 64.2.b da Lei 9/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).*
- 3. O acordo que se adopte seralles notificado ás persoas interesadas ou ás súas habente-cause -no caso de que o nome da vía pública se adopte en honor dunha determinada persoa-, ao Instituto Nacional de Estadística (INE), ao Centro de Gestión Catastral y Cooperación Tributaria del Ministerio de Hacienda, ao Rexistro da Propiedade e á Sociedade Estatal de Correos e Telégrafos. Así mesmo darase difusión do cambio de denominación a través dos medios de comunicación local.*
- 4. O art. 10.2 da Lei de normalización lingüística dispón que “Os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega” e o 10.2 que “O nome das vías urbanas será determinado polo concello correspondente”.*
- 5. O art. 19.2 da Ordenanza para o impulso social da lingua galega, aprobado inicialmente na sesión ordinaria do 30.09.2013 (anuncio de aprobación definitiva no BOP núm. 226, do 27.11.2013), establece que “O Concello de Carballo promoverá a recuperación, coñecemento e uso da toponimia do territorio municipal, e preservará as formas tradicionais dos lugares como parte integrante da memoria colectiva do patrimonio cultural”.*
- 6. O art. 20.1 da mencionada ordenanza determina que “Para lles dar nome ás rúas, prazas, edificios, etc., de titularidade pública en Carballo, seguiranse os criterios establecidos na declaración asinada pola Comisión de Toponimia en 2002, en que se sinala:*
 - a) Na denominación oficial das diferentes realidades xeográficas [...], ha de preferirse*


- sempre un topónimo tradicional antes que fórmulas de nova invención.*
- b) No caso de realidades xeográficas de nova creación realizarase un inventario das denominacións tradicionais do territorio afectado e empregaranse nomes tomados dese repertorio para a denominación oficial das novas realidades.*
 - c) Cando nunha área determinada os topónimos tradicionais superan en número as novas realidades xeográficas creadas, de preferencia han de preservarse os topónimos de maior interese histórico, arqueolóxico ou filolóxico.*
 - d) Só se empregará o recurso á imposición de “topónimo honoríficos” (nomes de persoas ou institucións, de conceptos abstractos, de cidades ou países, etc.) en casos en que a nova denominación non sepulte un topónimo tradicional.*
- 7. O art. 20.2 da dita ordenanza recolle que “En caso de ter que optar por un topónimo honorífico ou conmemorativo, seguiranse as directrices aprobadas pola ONU en 2004, nas que se sinala que:*
- a) Para propoñer un topónimo só se considerarán persoas postumamente; antes de que a proposta dun topónimo conmemorativo se considere deben ter pasado un mínimo de cinco anos da morte da persoa. Para acontecementos, polo menos deben ter pasado vinte e cinco anos do devandito acontecemento.*
 - b) Para propoñer un topónimo conmemorativo só se terán en consideración persoas cunha forte asociación co lugar ou o elemento xeográfico, ou que teñan destacada significación no legado cultural ou no desenvolvemento da zona, da comarca ou da nación.*
 - c) O topónimo proposto deberá ser apoiado pola comunidade local e ir máis aló dun simple ou especial interese dun grupo.*
 - d) Un topónimo non se debe usar para conmemorar vítimas ou sinalar lugares de accidentes ou traxedias.*
 - e) Un topónimo conmemorativo non se debe considerar se xa existe para o lugar un nome arraigado e aceptado.*
 - f) A propiedade da terra non confire lexitimidade ou o dereito de aplicarlle un topónimo conmemorativo a un elemento xeográfico. O uso non oficial de topónimos conmemorativos en publicacións ou en dedicatorias ou indicadores non é garantía de que estes sexan adoptados en documentos toponímicos oficiais.*
- 8. No referido aos topónimos honoríficos ou conmemorativos empregaranse aqueles que dean continuidade a patróns ou regras empregadas no ámbito (nomes de alcaldes, de mares, de planetas, etc.) sempre que sexa posible.*
- 9. Os topónimos honoríficos propostos han de ter vinculación coa paisaxe, a historia ou as tradicións do ámbito no que se localicen.*
- 10. No caso de topónimos en honor a persoas primaranse aqueles que homenaxeen figuras femininas relevantes no ámbito artístico, científico e cultural.*



Sometido o asunto a votación, o Pleno Municipal, por unanimidade dos membros presentes (20), polo grupo municipal do BNG (13) Evencio Ferrero Rodríguez, María Belén Lendoiro Esmorís, Xosé Regueira Varela, María de los Ángeles Pacoret Rodríguez, José Daniel Pérez López, Maruxa Suárez Cotelo, Juan Manuel Seoane Collazo, María del Carmen Ures García, Iván Andrade Tasende, Luis María Lamas Álvarez, María Mar Eirís Villar, Miguel Ángel Vales Mallo e Ramón Varela Rodríguez; polo grupo municipal do PP (5), Rubén Lorenzo Gómez, María Beatriz Neira Varela, Isidro Varela Bardanca, José Rey Torres e Javier Calvelo Bellón, e polo grupo municipal do PSdG-PSOE (2), María Carmen Vila Blanco e Valentín Costa Trillo, acorda:


- 1. Aprobar provisionalmente a denominación das seguintes rúas, polos motivos anteriormente expostos:*

| Núm. plano | Parroquia | Núcleo | Nome actual da rúa - zona | Nome proposto |
|-------------------|------------------|---------------|-------------------------------------|-----------------------|
| 1 | Razo | Arnados | Areo do Medio (Trav. R/ Mar Caribe) | Rúa Mar Exeo |
| 2 | Razo | Arnados | Areo do Medio | Már Báltico |
| 3 | Razo | Arnados | Monte Peados | Rúa Xardas |
| 4 | Razo | Arnados | Monte Peados | Rúa Sargos |
| 5 | Razo | Arnados | Monte Peados | Rúa Quenllas |
| 6 | Razo | Arnados | Monte Peados | Rúa Sollas |
| 7 | Razo | Arnados | Monte Peados | Rúa Monte Peados |
| 8 | Razo | Arnados | Monte Peados | Rúa Xurelos |
| 9 | Lema | Pedra do Sal | Pedra do Sal | Paseo Pedra do Sal |
| 10 | Lema | Pedra do Sal | Pedra do Sal | Rúa Furnas |
| 11 | Lema | Pedra do Sal | Pedra do Sal | Rúa Baixos de Baldaio |
| 12 | Lema | Pedra do Sal | Pedra do Sal | Rúa Crebas |
| 13 | Lema | Pedra do Sal | Pedra do Sal | Rúa 8 de Maio |
| 14 | Lema | Pedra do Sal | Pedra do Sal | Rúa Vapor Solway |
| 15 | Lema | Pedra do Sal | Pedra do Sal | Rúa Ángeles Alvariño |
| 16 | Lema | Pedra do Sal | Pedra do Sal | Camiño Carreiras (A |
| 17 | Lema | Pedra do Sal | Pedra do Sal - O Piñeiral | Rúa Piñeiral (O) |
| 18 | Lema | Pedra do Sal | Pedra do Sal - O Piñeiral | Camiño Saíñas (As) |
| 19 | Lema | Pedra do Sal | Pedra do Sal - O Piñeiral | Rúa Mazaricos |
| 20 | Lema | Pedra do Sal | Pedra do Sal - O Piñeiral | Rúa Xuncal (O) |
| 21 | Lema | Pedra do Sal | Pedra do Sal - O Piñeiral | Rúa Biluricos |
| 22 | Lema | Pedra do Sal | Pedra do Sal - O Piñeiral | Rúas Carráns |
| 23 | Lema | Pedra do Sal | Pedra do Sal - O Piñeiral | Rúa Píllaras |

| | | | | |
|----|----------|---------------|--|---------------------------|
| 24 | Lema | Pedra do Sal | Pedra do Sal - O Piñeiral | Rúa Mariscadoras |
| 25 | Lema | Pedra do Sal | Pedra do Sal - O Piñeiral | Rúa Peóns |
| 26 | Carballo | Carballo | Trav. Rúa Álvarez de Sotomayor | Rúa María Victoria Moreno |
| 27 | Carballo | Carballo | Trav. Avda. de Razo | Rúa Urano |
| 28 | Carballo | Carballo | Trav. Rúa Alcalde Peinador | Rúa Ramón San Luis Romero |
| 29 | Carballo | Carballo | Rúa detrás da Biblioteca Rego da Balsa | Rúa Curros Enríquez |
| 30 | Carballo | Carballo | Rúa Instituto | Rúa Instituto |
| 31 | Goiáns | Xoane Estrada | da Xoane da Estrada | Rúa Arandeiras |
| 32 | Goiáns | Xoane Estrada | da Xoane da Estrada | Rúa Aciñeiras |









2. *Publicar no BOP e conceder un prazo de alegacións de 20 días. No caso de non presentarse alegacións, entenderase definitivamente aprobada. Así mesmo darase difusión do cambio de denominación a través do taboleiro de anuncios do Concello.*

CONCELLO DE CARBALLO
C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2024/G010/000012

3. *Notificar este acordo ás persoas interesadas ou ás súas habente-causa -no caso de que o nome da vía pública se adopte en honor dunha determinada persona-, ao Instituto Nacional de Estadística (INE), ao Centro de Gestión Catastral y Cooperación Tributaria del Ministerio de Hacienda, ao Rexistro da Propiedade e á Sociedade Estatal de Correos e Telégrafos.*
4. *Colocar polos servizos municipais as placas e, no seu caso, a sinalización que corresponda coa nova denominación, e realizar os cambios oportunos en planos e documentos municipais”.*

E para que conste, para os efectos oportunos expido o presente certificado coa reserva establecida no art. 206 do R.O.F., de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, en Concello de Carballo, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

V. e Pr.
O alcalde